



Ourense, a 15/01/16

Queridas familias

As próximas dúas semanas desenvolveremos actividades de exploración en pleno contacto coa Natureza en colaboración con outras entidades e colectivos.

Debido a que este verán a vaga de incendios chegou mesmo ás portas da cidade, coidamos que **unha reforestación** nunha das zonas afectadas polo lume será unha boa actividade de servizo público, propia do escultismo. Con tal motivo, e coa colaboración da asociación ecoloxista Amigos da Terra, iremos plantar árbores ao zona de Palmés. Ademais de traballar a prol do medio ambiente aproveitaremos despois de **xantar** para facer una **ruta pola da Fraga de Santa Comba de Naves-As Conchadas** e rematar na zona de Outaríz.

O sábado seguinte iremos ata **Cachamuiña**, en colaboración coa Aula de Natureza do Miño, para celebrar o **Día dos Humidais** no que aprenderemos a observar e recoñecer aves, ademais doutras características destes valiosos ecosistemas.

Sábado 23	Sábado 30
Hora de saída: 10:30 Lugar de saída: Casa da Xuventude	Saída: 10:30 Lugar de saída: Encoro de Cachamuiña (coordenadas 42.338098, -7.802519)
Hora de chegada: 18:30 Lugar de saída: Casa da Xuventude	Hora de chegada: 13:30 Lugar de saída: Encoro de Cachamuiña
Que levar: - Xantar. - Botas de montaña impermeables. - Chuvasqueiro (e se ten pantalón de augas, tamén). - Cantimplora.	Que levar: - Botas de montaña impermeables. - Chuvasqueiro (e se ten pantalón de augas, tamén). - Cantimplora. - Guía de aves e prismáticos (se os ten)

As actividades non teñen custe. Entendemos que virán todos os rapaces e rapazas polo que **se algún non pode, por favor, avisádenos**.

Se tedes algunha dúbida podedes contactar comigo no teléfono 649 752351.

Un saúdo

Xulio López
Coordinador do grupo